



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) PARA O DESEMPEÑO CONXUNTO DE TAREFAS DE INTERESE PÚBLICO DA SÚA COMPETENCIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

DECLARA:

Que esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ten previsto formalizar coa Consellería do Medio Rural o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para executar as medidas, plans, programas e actuacións que cada unha delas xestiona no exercicio das respectivas competencias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte: o 11 de setembro de 2014 o Consello da xunta de Galicia ratificou o informe realizado pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (en adiante, a DXARA) no marco do III Plan de Avaliación de Entidades do Sector Público Autonómico de Galicia. No dito informe a DXARA recomenda que o ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) se constituía como unha axencia pública autonómica refundindo as actuais estruturas organizativas, servizos, programas, recursos patrimoniais, económicos, materiais e humanos do actual ente público Agader e da actual Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Pois ben, en aplicación da recomendación da DXARA, e co fin de ir realizando xa actuacións conxuntas entre o actual persoal dos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias e de Agader ubicados nas xefaturas territoriais da consellería, a Consellería do Medio Rural e Agader asinaron diversos acordos que tiñan por obxecto establecer a colaboración entre ambas as dúas partes para prestar asistencia recíproca na execución das medidas, plans, programas e actuacións derivadas do exercicio das súas respectivas competencias. O último acordo foi asinado o 20 de febreiro de 2017 e a súa vixencia remata o 31 de decembro de 2017.

Tendo en conta o anterior, e dado que aínda non se materializou a fusión recomendada pola DXARA, a Consellería do Medio Rural e Agader consideran conveniente asinar este acordo de colaboración, que servirá de marco á prestación de asistencia entre ambas as dúas partes para o exercicio das súas competencias.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

